

DINAMIZACION DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR CON POTENCIAL					
DATA INICIO	03/07/17	DATA FIN	06/07/17	DURACIÓN	20 HORAS
HORARIO	9:30 – 14:30 HORAS				
LUGAR CELEBRACIÓN:	ENTIDADE DA REDE EUSUMO NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, PALACIO PROVINCIAL, GRAN VÍA DE MONTERO RÍOS, S/N, PONTEVEDRA				
Persoa de contacto	PATANE GARCÍA MÉNDEZ	teléfono	881 887 456		
		e-mail	patane@espazo.coop		
OBJECTIVO					
<p>Detectar e priorizar sectores con potencialidade para o desenvolvemento cooperativo no ámbito comarcal-regional obxecto da intervención.</p> <p>Coñecer a realidade específica do sector elixido no devandito ámbito territorial.</p> <p>Procurar modelos alternativos para a dinamización do sector.</p> <p>Divulgar e acadar o emprego da fórmula cooperativa como medio para potenciar e consolidar o seu desenvolvemento a medio prazo.</p>					
PROGRAMA E CONTIDOS					
<p>Para acadar os anteriores obxectivos plantexouse en cada proceso de dinamización sectorial a conformación e consolidación dun Grupo Traballo co que se desenvolveron con carácter xeral os seguintes contidos, sen prexuízo de posibles adaptacións en función do grao de coñecemento da fórmula organizativa cooperativa :</p> <ol style="list-style-type: none"> Presentación da actividade e dos seus obxectivos Diagnose e problemática do sector O significado de cooperar A cooperativa e os principios cooperativos Tipoloxías de Cooperativas Organización Cooperativa: a importancia da comunicación O Plan de Empresa: a viabilidade social. Casos prácticos O Plan de Empresa: a viabilidade económica. Casos prácticos Presentación de Boas Prácticas Cooperativas no Sector Elaboración de obxectivos comúns coherentes coa diagnose Conclusións 					
METODOLOXÍA					
<p>Fomentarase unha metodoloxía participativa a través do traballo en grupos; debates dirixidos; prácticas de cooperación, resolución de conflitos e comunicación; chuvias de ideas e exercicios prácticos. Tamén potenciarase a obtención de información sobre o sector a través da sistematización das experiencias por parte das asistentes e de boas prácticas cooperativas activas, personalizando ao máximo a metodoloxía co perfil sociocomunitario e sociolaboral das participantes de cada actividade.</p>					
DIRIXIDO A					
<p>Colectivos, persoas e redes relacionadas co sector obxecto de intervención no ámbito territorial e persoas interesadas en articulalo e difundilo dentro dun proceso de intercooperación e construción de mercado social dentro da economía social e de acordo cos principios e valores da mesma. Inclúese a persoas demandantes, desempregadas ou activas, con inquéntanzas nalgúns dos sectores de estudo.</p> <p>Grupo mínimo: 12 persoas, grupo máximo: 20 persoas.</p>					